



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván
Cidrás Pidre, José
Fernández Pulpeiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Montero Muñoz, María
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso, Bacigalupe, Luís
Arias Sánchez, Pedro
González Piñeiro, Luís
Iglesias Antelo, Beatriz
López Díaz, María
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Muñoz López, Luís
Ortiz Torres, Luís
Pereira Domínguez, Alejandro
Vidal Vázquez, Ricardo
Vivas Martínez, Carlos

PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Domínguez Martín, Jorge
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel

ESTUDANTES:

Álvarez Pereira, Carmen Susana
Puga Alonso, Javier

PAS:

Bernal Gómez, Rosa

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Martínez Ínsua, Ana Elina
Ríos Currás, Moisés
Varela Martínez, Iago

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 22 de xullo de dous mil nove, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O mércores día 22 de xullo de 2009, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 9 de xuño de 2009.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.
4. Aprobación, se procede, das normas de xestión académica para as titulacións de grao.
5. Aprobación, se procede, da adscrición á Universidade de Vigo da Escola de Negocios de Caixanova.
6. Aprobación, se procede, da suspensión temporal do título propio de ciencias policiais e detective privado.
7. Modificación, se procede, do acordo de Consello de Goberno de 20 de abril de 2009 relativo ao encargo da preparación de propostas de títulos de grao para a súa implantación no curso académico 2010-11.
8. Adhesión, se procede, da Universidade de Vigo ao manifesto do Consello Superior de Deportes pola igualdade e a participación da muller no deporte.
9. Aprobación, se procede, da oferta pública de emprego do Persoal Laboral de Administración e Servizos da Universidade de Vigo.

10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Universidade Internacional Menéndez Pelayo e a Universidade de Vigo – Addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do proxecto NANOBIO MED (CONSOLIDER-INGENIO 2010) – Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo – Convenio entre as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a creación da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña e Vigo para a aprobación do plan de estudos do Máster universitario en *Lingüística e as súas aplicacións* – Convenio de colaboración entre el Instituto de Turismo de España (TURESPAÑA),

a Sociedade Estatal para a Xestión da Innovación e as Tecnoloxías Turísticas, S.A., e as universidades de Oviedo, Illes Balears, Alicante, Girona, Rovira y Virgili, Zaragoza, La Laguna, Sevilla, Málaga, Santiago, A Coruña, Barcelona, Vigo y Valencia para a posta en marcha do sistema de información da investigación científica en turismo a través de internet (SICTUR) no marco das actuacións de impulso á Nova Economía Turística do Plan de Turismo Español Horizonte 2020 – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Madero (México) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade Madero e a Universidade de Vigo – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o recoñecemento de créditos de libre elección por cursos de verán – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade do Estado de Santa Catarina (UDESC) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade do Estado de Santa Catarina (UDESC) e a Universidade de Vigo.

11. Rogos e preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 9 de xuño de 2009.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Informa o reitor aos membros do Consello de Goberno dos seguintes asuntos:

1. En primeiro lugar, do tratado no Consejo de Universidades celebrado o pasado luns, 20 de xullo. A orde do día incluía, entre outros, os seguintes asuntos:

a). En primeiro lugar, informouse da Orden Ministerial que de xeito inmediato vai convocar axudas para matrícula nos másters oficiais por parte de titulados universitarios en situación de desemprego. A última versión desta disposición financia este programa con 48 millóns de euros e flexibiliza un pouco as condicións de acceso para desempregados de entre 25 e 40 anos, incluíndo, por exemplo, aos desempregados que non perciban xa prestación, aínda que o programa mantén a condición de matrícula en universidade pública.

b). O Ministerio informou da continuidade nas sesións de traballo do grupo creado en conxunción coa CRUE para a definición do novo Modelo de Financiamento do SUE. O novo modelo está vinculado a tres obxectivos preferentes:

- Acadar o 1,5% do PIB para o financiamento do Sistema Universitario Español.
- Cunha achega mínima estimada en todo caso nos 3.000 millóns de euros.
- E no horizonte de 2015.

E será organizado ao redor de cinco compoñentes básicos:

- Custos por Recursos Humanos.
- Bolsas.
- Custos adicionais para a adaptación ao EEES.
- Custos centralizados inducidos polas actividades de investigación.
- Custos de mellora na administración (Contabilidade Analítica) e na rendición de contas.

Ao fío desta explicación, informouse tamén da creación dun Observatorio Universitario de Bolsas e Axudas ao Estudo, entendido como paso previo de información e homologación, necesario para definir axeitadamente esta compoñente principal do sistema. En relación con elo, o Ministerio anticipou un incremento do 7% das bolsas universitarias para 2010.

c). A Presidencia do Consejo de Universidades presentou tamén o proxecto de real decreto polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores. Sobre versións anteriores, esta nova versión non impide que as universidades poidan facer ofertas de títulos oficiais neste ámbito e, polo tanto, desbloquea algunhas iniciativas de novos títulos. Sen embargo, o proxecto mantén unha situación aínda bastante desequilibrada e confusa. Entre outras cousas porque para este tipo de títulos define un modelo aberto e variable, que poderá ter concreción en cada Comunidade Autónoma de xeito diferente, por exemplo, con integración total e só títulos propostos polas universidades existentes; cunha universidade das artes ao estilo das politécnicas; cun sistema de centros dispersos, coordinados a nivel político; ou incluso cunha mestura de varias destas solucións.

Na sesión do Consello comentáronse estas e outras cuestións e agora corresponde ao Ministerio tomalas ou non en consideración.

d). Por último, presentouse tamén o borrador de real decreto sobre expedición de títulos universitarios oficiais. Esta norma tiña unha urxencia apremante para as universidades, que necesitaban saber qué modelos oficiais de títulos de grao e máster oficial utilizar. Ademais, este real decreto resolve por fin a definición e o funcionamento dos denominados títulos conxuntos (solicitude, rexistro, soporte e formato, personalización, lingua de expedición, etc.), correspondentes a un único plano de estudos oficial deseñado e recoñecido por dúas ou máis universidades, españolas ou estranxeiras. Isto vale para os títulos conxuntos de grao, pero tamén para os títulos conxuntos de mestrado e doutoramento.

2. En segundo lugar, informa o reitor da inmediata celebración do Consello Galego de Universidades, previsto para o vindeiro luns, día 27 de xullo. Entre outros asuntos de interese, o Consello Galego de Universidades deberá informar as propostas de novos títulos de grao presentadas polas tres universidades galegas como consecuencia da transformación dos títulos vellos, na segunda e última fase de adaptación do SUG. Como consecuencia, as universidades galegas deben concretar ditas propostas nos seus aspectos básicos distintivos (número de títulos, perfil, denominación, atribucións profesionais demandadas), o que garda relación co punto sétimo da orde do día deste Consello de Goberno.

3. En terceiro lugar, informa tamén da situación actual dos procesos de verificación de títulos presentados á ANECA pola Universidade de Vigo:

- GRAOS: polo que respecta aos títulos de grao, a Universidade de Vigo presentou á verificación vinte e catro títulos, todos eles con informe favorable, agás o de Enfermería para os Centros Adscritos de Ourense e Pontevedra. As reservas da ANECA para os títulos que imparten estes centros están baseadas, fundamentalmente, en distintos aspectos de organización docente e na carencia da información necesaria respecto dos Convenios de Colaboración Externa. Son aspectos subsanables e, a tal efecto, a Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea ofreceu xa a estes centros toda a experiencia, o coñecemento e o apoio necesarios para que as recomendacións realizadas pola ANECA sexan tidas en conta e estes dous títulos poidan superar a verificación con normalidade para o vindeiro curso.

- POSGRAOS: a Universidade de Vigo presentou trinta e nove títulos, trinta e seis con verificación positiva, dous pendentes de resolución e un con informe desfavorable, actualmente en proceso de reclamación.

O resultado global da verificación, pois, é positivo polo que respecta á oferta da Universidade de Vigo, o que sinala un camiño a seguir si queremos ter éxito na segunda quenda de títulos de grao que está pendente de verificación para o vindeiro curso.

4. Informa, por último, de diversos asuntos relacionados con contratacións e nomeamentos:

- En primeiro lugar, da contratación de D. Manuel Fernández Jáuregui como vicerexente de Xestión Económica e Servizos Xerais da Universidade de Vigo, en substitución de D. Alberto Vaz López. Ata o pasado mes de xuño, Manuel Fernández Jáuregui viña desempeñando funcións como Subdirector de Servizos Xerais do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

- En segundo lugar, do cese a petición propia de D. Eduardo Godoy como representante da Universidade de Vigo na CGIACA, órgano técnico de avaliación da AGSUG, e da súa substitución por D. Gustavo Rodríguez Fuentes, do Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde, con destino docente no Campus de Pontevedra.

- E, por último, informo do cese a petición propia de Dña. Ana Garriga Domínguez como Directora da Área de Igualdade, e da súa substitución por Dña. Carmen Quinteiro Sandomingo, Profesora Titular de Álgebra, do Departamento de Matemáticas.

Ábrese unha quenda de intervencións

O Prof. Berrocal pregunta pola nova dirección de área do CINBIO.

O reitor di que se traerá ao próximo Consello de Goberno a súa creación.

Punto 3. Aprobación, se procede, das prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se solicitan as seguintes prazas de Catedrático de Universidade:

Unha praza na área de Fisioloxía (Departamento C01 Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde). O Profesor Titular D. Federico Mallo Ferrer acadou acreditación ao corpo de Catedráticos de Universidade e conta con tres sexenios de investigación. Ten informe favorable da COAP do 24 de xuño de 2009.

Unha praza na área de Botánica (Departamento C02 Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo). A Catedrática de Escola Dña. Victoria Jato Rodríguez acadou acreditación ao corpo de Catedráticos de Universidade e conta con tres sexenios de investigación. Ten informe favorable da COAP celebrada hoxe 22 xullo de 2009 con anterioridade a este Consello de Goberno, polo que a documentación foi distribuída á entrada da sala de xuntas da reitoría antes da reunión do Consello de Goberno.

Unha praza na área de Fundamentos da Análise Económica (Departamento X08 Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas). O Profesor Titular D. Jaime Alonso Carrera acadou acreditación ao corpo de Catedráticos de Universidade. Ten informe favorable da COAP do 24 de xuño de 2009, por existir un só Catedrático na área dun total de vinte e dous profesores ou profesoras con vinculación permanente.

Unha praza na área de Teoría do Sinal e Comunicacions (Departamento T14 Teoría do Sinal e Comunicacions). O Profesor Titular D. Manuel García Sánchez acadou acreditación ao corpo de Catedráticos de Universidade. A área conta actualmente con trinta e sete profesores con vinculación permanente polo que habería lugar a nove cátedras. O número de catedráticos é nove pero a COAP, na súa reunión de hoxe 22 de xullo de 2009, tivo en conta unha das alegacións do departamento pola cal un dos actuais catedráticos corresponde á convocatoria de cátedras I+D da Universidade de Vigo de 2001, e segundo consta na acta que aprobou as ditas cátedras non deberían computar na relación tres a un. Partindo deste suposto, sería aplicable o criterio (A) do acordo de promoción a cátedra. Produciuse un debate na COAP e finalmente o informe foi favorable.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Vidal quen pregunta se a praza ocupada polo Prof. Manuel García Sánchez é das Cátedras I+D. Se resposta polo vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que o Prof. García Sánchez é Titular de Universidade que obtivo a súa acreditación á cátedra.

Punto 4. Aprobación, se procede, das normas de xestión académica para as titulacións de grao.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que na actualidade existen unhas normas de xestión académica aprobadas polo Consello de Goberno de 21 de maio de 2001, que se aplican ás titulacións en proceso de extinción, pero coa entrada en vigor da maior parte das novas titulacións de grao o vindeiro curso académico faise necesario ditar unhas normas que regulen algúns aspectos básicos de xestión destas novas titulacións que se adapten as previsións dos Estatutos da Universidade.

Salienta seguidamente algunhas das novidades da normativa sen entrar nas disposicións que teñen carácter de mera xestión:

1ª. Probas de avaliación

- Desaparece o termo “exames” e agora se fala de probas de avaliación dos coñecementos e aptitudes académicas dos estudantes.
- A avaliación será continua e a cualificación dos alumnos realizarase en dúas etapas, unha ao remate de cada cuatrimestre e outra no mes de xullo.

2ª. Actas de cualificación

- Haberá unha única acta por cada materia, a cal se pechará ao rematar o curso académico (na actualidade hai unha en cada convocatoria).
- Tamén poderá haber actas de primeira edición nos casos previstos expresamente (traslado de expediente, superación de materia nun cuatrimestre, remate estudos...).

3ª. Tribunais

Hai dúas novidades salientables:

- A primeira é que desaparece a previsión de tribunais automáticos para as convocatorias de fin de carreira e 5ª, 6ª e 7ª e se prevé que a constitución dun tribunal será a petición o ben do alumno ou ben do profesor.

- A segunda é que se modifica a composición do tribunal; xa non se esixe que sexan profesores numerarios senón que se establece que deberán ser profesores con vinculación permanente á universidade.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Muñoz quen sinala que esta normativa chega moi tarde porque afecta ás guías docentes e pode haber discrepancia coas mesmas. Ademais alega que hai cousas que non están debidamente expostas, así, considera que non se avalían coñecementos e actitudes, senón competencias. Sinala tamén que non se reflicte en ningures de forna expresa que a avaliación dos estudantes será continua. Bota en falta determinados aspectos xa que non se regula o número máximo de créditos dos que se pode matricular o alumno e cando se entende que un alumno está a tempo completo ou a tempo parcial.

Contesta a secretaria xeral sinalando que o contido desta normativa se completará coas normas de matrícula que se presentarán en setembro. En canto aos problemas sobre a terminoloxía empregada propón a inclusión do termo “competencias” no apartado a do art. 3.

Debátese sobre o tema entre a secretaria xeral, a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea, o vicerreitor de Formación e Innovación Educativa e o Prof. Muñoz. Finalmente, decídese incluír o termo “competencias” no apartado a do art. 3.

Debátese seguidamente sobre o tema do tempo completo e o tempo parcial, con intervención dos profesores Blanco, Muñoz e Barcia.

A este respecto, a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sinala que este tema se recollerá na convocatoria de matrícula.

O Prof. Muñoz insiste en que a Universidade debe establecer o número de créditos de que pode matricularse un alumno e os créditos que debe aprobar cada ano a necesidade de matricularse ordenadamente.

A Prof.^a Blanco sinala que deberá ser nas memorias de grao e nas guías onde se deixe claro o orden no que cada alumno se deba matricular das distintas materias.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sinala que estamos nun momento moi inicial e que non procede neste momento poñer en normas imperativas cuestións que despois nos poden vincular no futuro.

O reitor sinala que trátase de non limitar a nosa actuación no futuro. É unha normativa de mínimos.

O Prof. Muñoz insiste na inconveniencia da inclusión do non presentado na normativa.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sinala que o non presentado non existe como cualificación pero se trata de dar unha fórmula moi flexible, porque a outra opción sería flexibilizar as anulacións de matrícula e iso xera moitas dificultades de xestión. O non presentado non computará nas estatísticas. É un instrumento de flexibilización. Nas guías docentes deberá explicarse cando se establece.

O Prof. Barcia pregunta cómo se utiliza o non presentado para cómputo de grupos, etc. ¿é segunda matrícula?

Debátase sobre a conveniencia da inclusión ou non do non presentado entre a secretaria xeral, o Prof. Muñoz e o vicerreitor de Formación e Innovación Educativa.

O Prof. Vidal pregunta se cando se fala de alumno repetidor iso vai significar o mesmo que agora.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea considera que non se debería falar de alumno repetidor e que na guía docente debería facerse referencia a estes alumnos.

Debátase tamén sobre este punto.

Finalmente, apróbanse por asentimento as normas de xestión que constan no **anexo I**.

Punto 5. Aprobación, se procede, da adscrición á Universidade de Vigo da Escola de Negocios de Caixanova.

Teñen sido invitados como interesados os decanos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e Ciencias Empresariais e Turismo; e o director da Escola de Empresariais.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se presenta a este Consello de Goberno a proposta de adscrición a Escola de Negocios de Caixanova á Universidade de Vigo para dar cumprimento ao previsto no art. 11 da LOU (en concreto, os trámites son aprobación da Comunidade Autónoma, a proposta do Consello de Goberno, previo informe favorable do Consello Social).

Todos os membros de Consello de Goberno teñen á súa disposición na documentación remitida o borrador de convenio de adscrición entre a Universidade de Vigo e Caixanova onde se reflicten as condicións concretas polas que se vai rexer a relación entre as dúas entidades para a adscrición da Escola de Negocios.

Tamén consta na documentación a memoria de adscrición onde se recollen os datos que acreditan que a Escola de Negocios conta coas condicións axeitadas para a adscrición: os medios persoais de que dispoñen (profesorado e persoal de administración), medios materiais (as instalacións), os títulos a impartir (tanto de grao como de máster) a viabilidade económica do centro e un borrador de regulamento de réxime interno da Escola de Negocios que está axustado ao Regulamento de Centros Adscritos da Universidade.

Toda esta documentación conta con informe favorable da Asesoría Xurídica e o Consello Social na súa sesión do 30 de xuño, tamén informou favorablemente a adscrición.

Ábrese unha quenda de intervencións

O Prof. Ramos, non considera axeitado que cada vez que alguén o pida se aprobe unha nova titulación, e entende que trátase de que haxa un debate sobre titulacións. Respecto ao tema, suscita tres cuestións, en primeiro lugar solicita que se lle faga un resumo da situación acontecida ata chegar ata aquí; en segundo lugar, pregunta cómo encaixa esta titulación co decreto da xunta e se a Universidade podería implantar un MBA. Por último pregunta polas taxas que van pagar os alumnos.

O reitor en relación coa programación de títulos sinala que tense que rematar a transformación da segunda etapa e no 2010 ábrese o modelo. A finais deste trimestre a Universidade de Vigo ten que abordar este tema e tendo en conta o proceso electoral terá que ser a partir de maio. Non ten problema en facelo tanto en reunións de campus como no Claustro. Tamén son axeitadas as reunións de ámbito. Haberá que mover todos os resortes para que a Universidade abra o mapa de titulacións, o que non ten

nada que ver co que se presenta hoxe nin tampouco afecta ao título da Centro Universitario de Defensa de Marín. Están ao marxe deste proceso.

En canto ao proceso que se seguiu ata chegar aquí. O proceso se xestou non hai tres meses. Alude o reitor ao art. 11 da LOU e a distinción entre a adscrición a unha universidade pública ou privada. A discusión no era se ía haber adscrición senón a que Universidade se adscribía.

A secretaria xeral sinala que as taxas que pagarán os alumnos son as que figuran na memoria e a Universidade percibirá un 25% do prezo público, de acordo co decreto de taxas da Xunta de Galicia.

A Sra. Bernal pregunta se o persoal do centro se vai integrar na Universidade como pasou coa Escola de Relacións Laborais.

O reitor di que trátase dunha proposta de adscrición e non supón en ningún caso integración, polo tanto, o persoal seguirá dependendo de Caixanova.

O Prof. Pereira entende que esta adscrición non é igual á de Marín porque co Centro Universitario de Defensa non existe competencia e coa Escola de Negocios si existe. Alega que é unha boa adscrición pero entende que existe competencia.

O reitor replica que é o mesmo que o Centro Universitario de Defensa en canto se trata de duplicar un título xa existente. En relación á competencia, isto é ben entendido polas facultades afectadas, porque cando a Escola de Negocios se puxo en marcha hai dezasete anos foi en contra das facultades. Non obstante, iso foi adiante e aí está. Seguirá competindo igual, pero o que debe preguntarse é cómo competirá máis, dentro ou fóra, polo tanto, entende que debe aproveitarse a oportunidade que se presenta.

O Prof. Sánchez pregunta que títulos se van impartir na Escola de Negocios.

O reitor resposta que como consta na memoria presentada, se impartirá ADE e un máster, o que non significa que non existan outras iniciativas novas que poidan interesar á Universidade.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, da suspensión temporal do título propio de ciencias policiais e detective privado.

Ten sido invitado como interesado O Prof. Javier de Vicente Remesal, director da titulación.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Formación e Innovación Educativa quen expón a petición por parte do director da titulación propia de suspensión temporal do título tendo en conta o novo marco existente cos graos.

O director da titulación agradece a posibilidade que se lle brinda de intervir e expón as razóns concretas da petición que consta como **anexo II**.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Modificación, se procede, do acordo de Consello de Goberno de 20 de abril de 2009 relativo ao encargo da preparación de propostas de títulos de grao para a súa implantación no curso académico 2010-11.

Ten solicitado intervención o decano da Facultade de Bioloxía, Prof. Gallego.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen sinala que no Consello de Goberno do pasado 20 de abril, fíxose o encargo da preparación dun total de once memorias de planos de estudo de grao, dez na rama de enxeñaría e arquitectura e unha na rama de ciencias a unha serie de xuntas de titulación nomeadas a tal efecto.

Nese encargo, nalgúns casos faltaba concretar o nome dos títulos pois era necesario, ben efectuar consultas ao Ministerio de Educación, ben empezar os traballos e os debates no seo das respectivas xuntas de titulación pois o nome do título era obxecto de debate.

A día de hoxe a elaboración das memorias está moi avanzada, incluso nalgúns casos están practicamente listas para a súa remisión a exposición pública. É momento de concretar os aspectos que faltaban, polo que trasladamos a información remitida polas xuntas de titulación en canto aos nomes e feitos mais salientables para o seu referendo polo Consello de Goberno.

Concretamente os cambios ou puntualizacións con respecto ao acordo do Consello de Goberno de 20 de abril son os seguintes:

- “Graduado en Enxeñaría Forestal” en vez de “Graduado en Enxeñaría Técnica Forestal”.

- No caso de Graduado en Enxeñaría Técnica de Telecomunicación mantense o interese por este nome pero suxeito á unha resposta afirmativa á consulta remitida ao Ministerio (da que os membros de Consello de Goberno teñen copia na documentación distribuída) e da que non se teñen noticias a día de hoxe.

- A xunta de titulación da rama de enxeñaría industrial remite os nomes dos seis títulos encargados coa asignación a profesións reguladas como sigue:

- Dende a ETSE de Minas remítese mediante escrito do director o título de “Enxeñaría dos recursos mineiros e obras subterráneas” como transformación da actual “Enxeñaría de Minas” suxeito á seguinte consideración que paso a explicar e da que o director do centro puntualizará, se fora o caso.

Conxuntamente cos centros do ámbito de enxeñaría industrial, estase a desenvolver un título de grao en Enxeñaría da Enerxía, título transversal que mellora e completa a oferta dos dous ámbitos, e solicita do Consello de Goberno que se incorpore este título á oferta da rama da enxeñaría que previsiblemente será debatida no CGU do 27 de xullo.

En caso de que esta proposta non prosperase, sería necesaria unha modificación do título proposto.

Por último, desde a Facultade de Ciencias propónse un Grao en Ciencias ambientais como transformación da actual Licenciatura en Físicas.

O Prof. Ramos en aras da operatividade do Consello de Goberno solicita que se aporte a documentación no seu momento coa convocatoria e alega que cando non son temas de trámite non é posible remitir a documentación no inicio da sesión de Consello de Goberno, senón nun momento anterior xunto coa convocatoria. Pide a retirada do punto da orde do día.

O Reitor sinala que a razón da inclusión do punto débese a que o día 27 ten que presentar no Consello Galego de Universidades a proposta de títulos. Do que pide desculpas a todos os membros de Consello de Goberno.

Debátese sobre o tema.

O Prof. González Piñeiro alega que o venres ten convocada unha xunta extraordinaria co punto da titulación de enxeñaría da enerxía como apoio a esa proposta que se fai do grao en enerxía.

O Prof. Berrocal tamén alude a que determinadas persoas estaban interesadas en vir pero descoñecían o tema obxecto de debate. Así o director de física ou o decano de bioloxía. Menciona que non houbo debate no ámbito.

O reitor entende que si houbo debate sobre o mesmo no ámbito científico e explica que se está seguindo o mesmo procedemento que para o resto das titulacións e a documentación se presentou cando foi posible.

O Prof. Arias, como director da Escola de Enxeñaría de Minas sinala que levan traballando moitos meses sobre o grao en enxeñaría da enerxía.

O vicerreitor de Planificación, como presidente da Xunta de Titulación de Industriais, sinala que levan traballando neste tema dende hai moito tempo pero que o que precipitou moito as cousas foi o coñecemento da existencia dun Consello Galego de Universidades o día 27, e a posibilidade de levar aí ese título

Debátese sobre o tema.

Pregunta o reitor cuántos membros de Consello de Goberno poderían asistir o venres 27 ás 12:30 horas a unha sesión extraordinaria de Consello de Goberno.

Suspéndese por 5 minutos a sesión.

Reanúdase a sesión e decídese retirar o punto 7 da orde do día e convocar unha sesión extraordinaria de Consello de Goberno para o venres 24 de xullo ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda coa documentación correspondente.

O Prof. Berrocal agradece expresamente a decisión.

O Prof. Mejuto está de acordo en que se retire o punto si se convocou sen as formalidades necesarias, pero expón que hai unha enorme presión mediática no centro de ciencias de Ourense. Inxurias, calumnias, etc. contra o decano e o equipo decanal. Anuncia que no seu momento iniciará as accións legais oportunas.

Sae a secretaria xeral para convocar a sesión extraordinaria de Consello de Goberno. Actúa como secretario o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado.

Punto 8. Adhesión, se procede, da Universidade de Vigo ao manifesto do Consello Superior de Deportes pola igualdade e a participación da muller no deporte.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Planificación que destaca que se trata de adherirse a un documento onde se pon de manifesto o papel do deporte e a actividade física como motor de cambio social e eido apropiado para alcanzar a igualdade entre mulleres e homes, segundo consta no **anexo III**.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, da oferta pública de emprego do Persoal Laboral de Administración e Servizos da Universidade de Vigo.

Ten solicitada intervención o Sr. Federico Fernández.

Cédese a palabra á xerente quen expón o contido concreto da oferta que se recolle no **anexo IV**.

Intervén o Sr. Fernández que pon de manifesto o resultado positivo da negociación pola consolidación das prazas e pide que o esforzo continúe noutros temas. Recorda que está pendente a negociación da RPT comprometida para maio.

Apróbase por asentimento

Punto 10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Universidade Internacional Menéndez Pelayo e a Universidade de Vigo – Addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do proxecto NANOBIONED (CONSOLIDER-INGENIO 2010) – Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo – Convenio entre as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a creación da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña e Vigo para a aprobación do plan de estudos do Máster universitario en *Lingüística e as súas aplicacións* – Convenio de colaboración entre el Instituto de Turismo de España (TURESPAÑA), a Sociedade Estatal para a Xestión da Innovación e as Tecnoloxías Turísticas, S.A., e as universidades de Oviedo, Illes Balears, Alicante, Girona, Rovira y Virgili, Zaragoza, La Laguna, Sevilla, Málaga, Santiago, A Coruña, Barcelona, Vigo y Valencia para a posta en marcha do sistema de información da investigación científica en turismo a través de internet (SICTUR) no marco das actuacións de impulso á Nova Economía Turística do Plan de Turismo Español Horizonte 2020 – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Madero (México) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade Madero e a Universidade de Vigo – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o recoñecemento de créditos de libre elección por cursos de verán – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade do Estado de Santa Catarina (UDESC) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade do Estado de Santa Catarina (UDESC) e a Universidade de Vigo.

Apróbanse por asentimento.

Punto 11. Rogos e preguntas.

O Prof. Ramos pide información sobre a situación das reclamacións sobre as pagas extras do PDI.

Resposta a xerente sinalando que por resolución reitoral de 18 de febreiro de 2009, ordenouse o aboamento ao persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, con retribucións establecidas no Real decreto 1086/1989 de 28 de Agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, nas categorías que teña recollidas entre as súas retribucións o complemento específico, un incremento adicional a abonar xunto coas pagas extraordinarias que inclúe o compoñente xeral de dito complemento, de acordo co seguinte:

“ 1.1 Atrasos de Xuño de 2008: 33,33 % da contía mensual do compoñente xeral do complemento específico establecido en 2008 para cada categoría con dito compoñente retributivo.

1.2 Atrasos de Decembro de 2008: 66,66 % da contía mensual do compoñente xeral do complemento específico establecido en 2008 para cada categoría con dito compoñente retributivo.

1.3. Incorporar un incremento dun 66,66% do complemento mensual no mes de xuño de 2009, e dun 100% do complemento específico mensual no mes de decembro de 2009.

As cantidades aboadas serán como anticipos a conta en concepto de pagas adicionais de Xuño e Decembro do que se determine como contía de incremento do complemento específico para este persoal de acordo co disposto na Lei de Orzamentos do Estado.

Os criterios de devengo serán os establecidos nas correspondentes Ordes da Consellería de Economía e Facenda polas que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas, do persoal ao servizo de Administración autonómica para o ano 2008 e 2009.”

Dita aplicación, faise a conta do que se dispoña orzamentariamente, xa que as normas, no que respecta ao persoal docente das universidades, con retribucións establecidas no Real decreto 1086/1989, de 28 de agosto, non incorporan os criterios de aplicación de dito incremento.

A Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, Lei 42/2006 de 29 de decembro, nos artigos 21 catro, dispón un incremento do complemento específico para os empregados públicos:

“ 21. Cuatro. Adicionalmente a lo previsto en el apartado Dos de este mismo artículo, la masa salarial de los funcionarios en servicio activo a los que resulte de aplicación el régimen retributivo de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública, así como la del resto del personal sometido a régimen administrativo y estatutario, experimentará un incremento del 1 por 100 que se destinará al aumento del complemento específico, o concepto adecuado, con el objeto de lograr, progresivamente en sucesivos ejercicios, una acomodación de tales complementos que permita su percepción en 14 pagas al año, doce ordinarias y dos adicionales en los meses de junio y diciembre.

Asimismo, la masa salarial del personal laboral experimentará el incremento necesario para hacer posible la aplicación al mismo de una cuantía anual equivalente a la que resulte para los funcionarios públicos, de acuerdo con lo dispuesto en el párrafo anterior del presente apartado.

Estos aumentos retributivos se aplicarán al margen de las mejoras retributivas conseguidas en los pactos o acuerdos previamente firmados por las diferentes Administraciones Públicas en el marco de sus competencias.”

As resolucións da Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos dos anos 2007, 2008, e 2009 polas que se ditan instrucións en relación coas nóminas dos funcionarios incluídos no seu ámbito de aplicación, no que respecta ao persoal docente das universidades, con retribucións establecidas no Real decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, non incorporan os criterios de aplicación de dito incremento da citada Lei de orzamentos. A resolución correspondente ao ano 2009 no seu apartado 1.3 dispón:

“ 1.3 Las cuantías de las retribuciones del personal docente de las Universidades y del personal docente y con función inspectora de las enseñanzas no universitarias, establecidas

en el Real Decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribuciones del profesorado universitario, con sus modificaciones posteriores, y en los Acuerdos de Consejo de Ministros de 11 de octubre de 1991 y posteriores, respectivamente, se reflejan en los Anexos VII y VIII de esta Resolución.

Dichos Anexos, no incorporan los incrementos del complemento específico derivados de lo dispuesto en los artículos 21.Cuatro y 27.Uno. D) de la Ley 42/2006 de Presupuestos Generales del Estado para el año 2007, en los artículos 22.Tres y 28.Uno.D) de la Ley 51/2007, de 26 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2008, ni en los artículos 22.Tres y 28.Uno.D) de la Ley de Presupuestos Generales del Estado para el año 2009 cuya aplicación para estos colectivos requiere de un ajuste en los distintos componentes de dicho complemento específico que se efectuará por Acuerdo de Consejo de Ministros.”

Con base no exposto, conclúese que en primeiro lugar o incremento ten como límite o 1% da masa salarial, e seguidamente require para a súa aplicación dun axuste nos distintos compoñentes de dito complemento específico, a realizar ben polo Consejo de Ministros ben por real decreto.

Para fixar as contías, utilizáronse como referencias as porcentaxes establecidas anualmente por ordes da Consellería de Economía e Facenda pola que se ditan instrucións para a confección de nóminas dos empregados públicos de Galicia.

O Prof. Ramos pregunta si se pensa cubrir a praza que deixou vacante o Prof. Legido en Consello de Goberno. O reitor indica que a praza non é indisoluble da persoa.

O Sr. Puga suscita tres cuestións:

- Primeiro fai unha crítica ou autocrítica no relativo aos calendarios en canto houbo unha proposta de calendarios e agora ten un rexeitamento por parte do estudantado, porque o período de 10 días para as convocatorias resulta escaso. Se aplica igual a titulacións anteriores a Bolonia onde a avaliación continua non é un feito. Pide que se aumente a tres semanas.

- Segundo, sinala que sae en prensa que a avaliación pode facerse en calquera convocatoria. Pide información ao respecto.

- Por último, en relación ao servizo de Bibliotecas. Agradece a apertura da Biblioteca Central de Vigo para a preparación dos exames de xuño. Ábrese a Biblioteca como sala de estudo. Pide salas de estudo e salas de traballo común. Non entenden que se peche ás 20:30 horas se o centro abre ata ás 21:00 horas. En Torrecedeira indica que comparten biblioteca con outros colectivos (opositores, estudantes de institutos). Indica que é positivo, pero que debería considerarse unha apertura de vinte e catro horas.

O reitor resposta en relación á terceira cuestión que o reitor acepta o reto e propón estudar a apertura da Biblioteca de Torrecedeira toda a noite. Pide a colaboración de todos incluída a parte sindical. Gustaríalle que fose un plan estable coordinado con Caixanova e o Concello. Sobre o tema do calendario sinala que un centro por razóns xustificadas pode pedir unha modificación do mesmo. Indica que é máis sinxelo que se faga onde é necesario e non de forma universal en toda a universidade.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sobre o tema das convocatorias universais sinala que agora empeza a casuística porque por primeira vez hai segunda matrícula (só en Belas artes). Para este curso cada materia será avaliada no seu cuadrimestre. Para o curso seguinte, un alumno con unha pendente do 2º cuadrimestre se plantexa que puidera avaliarse ao final do 1º cuadrimestre. Pero é necesario facer normativa.

O vicerreitor de Planificación sinala que no último Consello de Goberno no punto da orde do día sobre a aprobación do protocolo de utilización de sistemas de videovixilancia na Universidade de Vigo fíxose unha pregunta sobre si existía na Universidade un estudo sobre os roubos nos campus, a este respecto alega que está a disposición de calquera interesado na Secretaría Xeral unha relación das incidencias deste tipo acontecidas nos campus.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea fai una puntualización a algo que dixo de forma incorrecta. Sobre unha pregunta acerca de fraccionar o pago en terceiro ciclo, sinalou que era posible e agora comprobábase que non é así, polo que pide desculpas. Anuncia tamén que estase traballando para que se poida fraccionar para todos os estudantes (con domiciliación).


O prof. Muñoz propón que desapareza o criterio de experimentalidade no reparto de fondos de biblioteca. Non se aplica a presencialidade da docencia (criterio de 30-35% universal para todos).


O reitor sinala que se trasladará a petición á Comisión de Biblioteca

O Prof. Mejuto despídese dos membros de Consello de Goberno facendo un agradecemento a todos por todo o que aprendeu no mesmo.

O Prof. Berrocal pregunta se existe posibilidade de que se prorroguen os doutoramentos antigos. O que se resposta pola vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea que non se teñen noticias ao respecto.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:55 horas do día 22 de xullo de 2009 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor


 Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral

 Esther M^a González Pillado